

## LINGUA GALEGA

O próximo domingo, 17 de maio, celébrase o Día das Letras Galegas. É unha celebración que se realiza todos os anos para homenaxear e recordar ás persoas que escribiron libros no idioma galego.

Este ano homenaxeamos a **Don Ricardo Carvalho Calero** ( Ferrol, 1910- Santiago de Compostela 1990). *Carvalho* é como escribía o seu apelido Don Ricardo, tamén se pode escribir Carballo, como o escribe Mateo Marque Carballo.

### 1. Contesta.

- A quen se homenaxea este ano no Día das Letras Galegas?.....  
.....
- Naceu en Ferrol, en que ano? .....
- Busca esta localidade no mapa de Galicia. En que provincia está? A .....
- Morreu en 1990, en que cidade? .....

### 2 . Le a súa poesía, na segunda folla, e escribe.

- . Título da poesía: .....
- .Numero do andar ( piso) no que vivía vivía el: ..... E súa tía avoa?.....
- .Sabes o que é unha / un tía / tio avó?.....
- . Se tes algún/ algunha tío ou tía avó/avoa escribe os seus nomes propios:.....  
.....
- . Na súa casa tiñan pombas e un gato. Que clase de animais vertebrados son as pombas?  
  
Son..... . E os gatos ?Son .....

### 3. Colorea os nomes propios da poesía. Rodea co encarnado as maiúsculas e os puntos.

## Poesía de Ricardo Carvalho Calero

### Ferrol 1916

Cinco duros pagabamos de aluguer.  
Era un terceiro andar, ben folgado.  
Pola parte de atrás daba para o Campiño,,  
e por diante para a rúa San Francisco.

**aluguer** = renda ( alquiler en castelán)

**ben folgado** = amplo, grande

No segundo vivía a miña tia avoa:  
tiña unha peza chea de paxaros disecados  
que só abría os días de festa  
para que os nenos disfrutáramos dela.

Aínda vivía a miña nai  
e todos os meus irmás vivían  
e en fronte traballaba o señor Pedro  
e a grande tenda de efectos navais mantiña o seu trafego.

**trafego** = traballo

Na casa tiñamos pombas,  
e , por suposto, un grande gato mouro;  
E o meu pai era novo aínda  
e no mar do mundo cada día descubría eu unha illa.

Vía o mar da miña fiestra  
e chegaban cornetas da mariña.  
E baixaba os pasos días veces ao día para ir á escola ,  
e días veces rubiaos de volta ,

As mulleres entón usaban capa e corsé.  
e íamos á aldea en coche de cabalos,  
e a rúa estaba ateigada de pregóns de sardiñas,  
e de ingleses que vendían Biblias.

**ateigada=** chea

Todo isto queda tan lonxe  
que apenas podo aínda lembralo.  
Esquecerías dentro de pouco  
se non escribise estes versos.